



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DO DOUS MIL NOVE.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. Olga María Méndez Carro, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. del Carmen Gueimunde González, D. Celestino V. García Paz, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

NON ASISTE:

D. Juan José Pardo Gato

SECRETARIO

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e corenta e tres minutos do día vinte e oito de setembro dous mil nove, reunense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, o Secretario quen certifica e o Interventor Xeral do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 9 DE XULLO DO 2009.

Prodúcese a intervención por parte do Sr. Alcalde quen manifesta que o que ven na acta non se axusta á realidade do dito na sesión xa que se mediron *ex profeso* as palabras, e que ademáis existen intervencións nas que se permuta ao interlocutor.



Solicitado o uso da palabra pola secretaría e concedido o mesmo polo Sr. Alcalde, infórmase que non se poden modificar o fondo dos acordos, que o que si cabe subsanar son os erros materiais ou de feito, neste caso poderáanse facer observacións á acta, debatilas e rectificar o que proceda xa que vai dentro das competencias do secretario extender a acta e sintetizar as opinións das intervencións.

Polo Sr. Alcalde, solicítase que sexa retirado o punto da orde do día ata que pola Secretaria anterior se subsanen as deficiencias advertidas.

Sometida a petición a votación o Pleno por unanimidade dos membros presentes (16) acorda:

Retirar o asunto da orde do día.

2º.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2008.

Dáse lectura en extracto por parte do Secretario do contido da resolución da Alcaldía na que se aproba a liquidación do orzamento xeral de 2008.

En consecuencia o Pleno dase por enterado da resolución da que se deu copia aos voceiros dos grupos municipais e aos membros que non teñen grupo municipal propio e que literalmente se transcribe deseguido:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De acordo co establecido no derradeiro parágrafo do apartado 3 do artigo 191 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e previo Informe de Intervención.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aproba-la liquidación do orzamento do Concello de Viveiro correspondente ó ano 2008, que presenta o seguinte resume:



A. RESULTADO PRESUPUESTARIO:

Resultado
presupuestario 2008

CONCEPTOS	CAPITULOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
A. Operaciones corrientes	1-5	11.558.774,46 €	12.667.033,95 €		
B. Otras operaciones no financieras	6-7	1.131.132,14 €	2.031.203,00 €		
1. Total operaciones no financieras (a+b)		12.689.906,60 €	14.698.236,95 €		
2. Activos financieros		5.670,24 €			
3. Pasivos financieros			149.867,64 €		
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO		12.695.576,84 €	14.848.104,59 €		-2.152.527,75 €
AJUSTES:					
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales				326.190,68 €	326.190,68 €
5. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio		1.978.145,43 €		1.978.145,43 €	1.978.145,43 €
6. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio		958.919,60 €		958.919,60 €	958.919,60 €
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO					-807.111,23 €

B. REMANENTE DE TESORERÍA.

Estado de Rte. de Tesorería

COMPONENTES	IMPORTES DEL AÑO 2008		IMPORTES AÑO ANTERIOR	
1.(+) Fondos líquidos	1.547.084,73 €	1.547.084,73 €	1.884.982,25 €	1.884.982,25 €
2. (+) Derechos pendientes de cobro		2.368.920,97 €		2.095.442,50 €
- (+) del Presupuesto corriente	964.850,82 €		833.511,13 €	833.511,13 €
- (+) de Presupuestos cerrados	1.388.027,57 €		1.209.918,51 €	1.209.918,51 €
- (+) de operaciones no presupuestarias	56.766,65 €		60.369,76 €	60.369,76 €
- (-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	40.724,07 €		8.356,90 €	-8.356,90 €



3.(-) Obligaciones pendientes de pago		4.047.293,04 €		2.112.068,56 €
- (+) del Presupuesto corriente	3.191.571,84 €		1.294.728,94 €	1.294.728,94 €
- (+) de Presupuestos cerrados	566.251,31 €		549.093,77 €	549.093,77 €
- (+) de operaciones no presupuestarias	301.069,89 €		279.562,06 €	279.562,06 €
- (-) pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	11.600,00 €		11.316,21 €	-11.316,21 €
I. Remanente de Tesorería total (1+2-3)		-131.287,34 €		1.868.356,19 €
II. Saldos de dudoso cobro	1.197.227,48 €	1.197.227,48 €		1.044.968,44 €
III. Exceso de financiación afectada	199.522,15 €	199.522,15 €		478.727,58 €
IV. Remanente de tesorería para gastos generales (I-II-III)		-1.528.036,97		344.660,17 €

C. DETERMINACIÓN DE DERECHOS DE DUDOSO COBRO.

a) Porcentaje (%) estimado de dudoso cobro en función de antigüedad del derecho	Año de los Derechos Pendientes de Cobro	b) Importe de los derechos pendientes de cobro	Importe dotado de dudoso cobro (a sobre b)
10%	2008	964.850,82	96.485,08
20%	2007	229.603,12	45.920,62
40%	2006	118.950,99	47.580,40
70%	2005	202.051,35	141.435,95
100%	2004 E ANTERIORES	837.422,11	837.422,11
TOTAL PRESUPUESTARIO		2.352.878,39	1.168.844,16

En relación con los derechos no presupuestarios se considera como de dudoso cobro el 50% del saldo a 31 de diciembre de 2008. Es decir 28.383,33 € Suma que se tiene en cuenta en los ajustes del Remanente de Tesorería.

D. Saldo de REMANENTES DE CRÉDITO

Disponibles	961.650,65 €
Retidos	1.156.642,32 €
GASTOS COMPROMETIDOS	128.059,63 €
TOTAIS	2.246.352,60 €

REMANENTES DE OBLIGATORIA INCORPORACIÓN
1.050.772,17 €

E. CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN. CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

PRESUPUESTO 2008	IMPORTES
a) TOTAL INGRESOS CAPÍTULO 1 a 7 AJUSTADOS	12.261.755,46 €
b) TOTAL GASTOS CAPÍTULO 1 a 7 AJUSTADOS	14.149.074,68 €
c) CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN	-1.887.319,22 €



(Siendo $c = a - b$, indicando el resultado negativo necesidad de financiación. Es decir, desequilibrio.)

A la necesidad de financiación anterior se le deduce el porcentaje de déficit admitido : 610.384,50 €. El resultado sería la necesidad de financiación que debe ser objeto de Plan económico-financiero: - 1.276.934,72 €

SEGUNDO : O detalle dos estados compresivos da Liquidación únanse o expediente de Liquidación do Orzamento do 2008, así como o informe de Intervención á liquidación e o informe sobre cumprimento da estabilidade orzamentaria.

TERCEIRO : Remitir copias da liquidación á Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma.

CUARTO: Dar conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar.

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SENTENCIA DO TSX DE GALICIA, EN RELACIÓN COA RECLAMACIÓN EFECTUADA POLA FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD.

Por parte do Sr. Alcalde solicítase a ratificación da inclusión do punto na orde do día, sometida a urxencia a votación o Pleno por unanimidade dos membros presentes (16) acorda ratificar a inclusión do punto na orde do día.

Procédese á lectura da proposta da Alcaldía por parte do secretario que, literalmente, dí o seguinte:

“Teniendo conocimiento de la Sentencia del Juzgado de lo Contencioso Administrativo de Lugo, fechada el 2 de octubre de 2007, cuyo fallo sobre el adelanto que había realizado la Fundación Biodiversidad al Concello de Viveiro, transcribo literalmente a continuación:

“FALLO que ESTIMO el recurso Contencioso-administrativo interpuesto por el Abogado del Estado en nombre y representación de la Fundación Biodiversidad contra la desestimación por acto presunto por el Ayuntamiento de Viveiro de la reclamación efectuada por la Fundación Biodiversidad del pago de la cantidad de 240.000 euros más los intereses, derivada de la suscripción del contrato entre dicha Fundación y el Ayuntamiento de Viveiro del Convenio de colaboración en acciones formativas en materia de medio ambiente-2002, con fecha 6 de mayo de 2002; ANULO dicha resolución y CONDENO al Concello de Viveiro a reintegrar a la Fundación Biodiversidad la cantidad de 240.000 euros en concepto de principal y 28.403,45 euros en concepto de intereses vencidos, más los que se devenguen hasta el efectivo pago, por aplicación del artículo 106 de la LRJCA.

Sin expresa condena en costas.

Notifíquese esta sentencia a las partes con la advertencia de que no es firme por haber contra ella recurso de apelación ante la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia que podrá interponerse ante este Juzgado dentro de los quince días siguientes al de su notificación, mediante escrito razonado que deberá contener las alegaciones en que se fundamenta.



Así por esta mi sentencia definitivamente juzgando lo pronuncio, mando y firmo."

Dicho fallo fue recurrido por el Concello de Viveiro y la Sentencia fechada el 2 de julio del 2009 del Tribunal Superior de Justicia de Galicia da la razón al reclamante.

Transcribimos literalmente dicho fallo:

"FALLAMOS

Desestimamos el recurso de apelación deducido contra la sentencia dictada en 2 de octubre de 2007 por la Sra. Magistrada Juez del Juzgado de lo Contencioso Administrativo de Lugo en el procedimiento ordinario 668/2006 de que este rollo dimana, imponiendo a la parte apelante las costas de esta apelación.

Esta resolución es definitiva por no caber contra ella recurso ordinario alguno.

Notifíquese a las partes por medio del Juzgado de procedencia y devuélvanse al mismo las actuaciones que remitió, archivándose el presente rollo.

Así lo pronunciamos, mandamos y firmamos."

Vistas las dos Sentencias que dejan sin efecto el Convenio entre el Concello de Viveiro y la Fundación Biodiversidad y obligan a la devolución del dinero adelantado y teniendo en cuenta que en el Convenio firmado entre el Concello de Viveiro y San Adrián del Valle, en la cláusula sexta de los compromisos de San Adrián del Valle, se recoge literalmente lo siguiente:

"6ª) Cofinanciar los gastos ocasionados por la ejecución de las acciones formativas, en aquella parte en la que los mismos no sean resarcidos por las subvenciones, ayudas, asistencias técnicas y económicas necesarias, obtenidas de entidades públicas y privadas, de tal manera que el Ayuntamiento de Viveiro no aporte cantidad en metálico alguna, distinta de los locales, aulas y servicios puestos a disposición para cada una de las acciones formativas."

Por todo lo expuesto, SOLICITO al Pleno adopte el siguiente acuerdo:

Iniciar el expediente de reclamación por la cuantía de 268.403,45€ a la Sociedad Planificaciones San Adrián del Valle S. L. en virtud de Convenio aprobado entre este Concello y dicha sociedad en abril del 2002."

Expón o Sr. Alcalde que en abril subscribiuse un convenio por parte do Concello de Viveiro coa entidade Planificaciones San Adrián del Valle S.L. na que se lle da a xestión dun plan quinquenal de formación e sensibilización en materia medioambiental, que o 6 de maio do mesmo ano asinase o convenio coa Fundación Biodiversidad na que esta cofinanciaba o 80% da actuación anteriormente proxectada polo que nesa data xa se sabía que 600.000,00 € os ía a xestionar a Asociación Adrián del Valle, así como que o límite para subcontratar que viña estipulado no Convenio era do 30%, e como queira que no Convenio asinado co Concello e Planificaciones San Adrián del Valle S.L. o



Convenio asinado co Concello e Planificacions San Adrián del Valle S.L. o primeiro non aportaría cantidade en metálico algunha, distinta dos locais, aulas e servizos postos a disposición para cada unha das accións formativas, compre reclamarlle a Planificacions San Adrián del Valle S.L a cantidade desembolsada. Continúa dicindo que lóxicamente na interacción coa Fundación Biodiversidad, esta pregúntase quen é este Sr., e como non, o Xulgado e o TSX de Galicia determinan como nulo o Convenio. Prosigue decindo que é outra mentira máis, a que se ten comentado, que o Alcalde se negou a asinar que o Sr. Nuño era o representante do Concello como ten reflexado a Sentencia, rematando a súa primeira intervención dicindo que "algo raro hai, cando se lle debe máis diñeiro, e él non o reclamou".

Intervén o Sr. D. Fernández Amor expoñendo que esta é "outra vaquerada" do Sr. César Aja e que se teme que houbo prebendas.

Intervén o Sr. D. Guillermo Leal Arias expoñendo que a súa intervención faise dende o respecto a outras persoas que non están presentes e que non se poden defender. Que en síntese o seu grupo comparte a reclamación e que se se pode, se incrementa a cantidade a reclamar engadindo os honorarios e as custas xudiciais.

Intervén o Sr. D. José Antonio Goás Basanta, manifestando que todos están dacordo, e que se realizaban gastos virtuais ou cursos que non se celebraban.

Intervén o Sr. D. Orlando Expósito Mariño, incidindo sobre a reclamación das cantidades á empresa.

Conclúe o Sr. Alcalde dicindo que confirma o dito polas declaracións públicas verquidas, e que reitérase no dito en base á Sentencia.

Non habendose solicitado segunda quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía, que é aprobada por unanimidade. En consecuencia o Pleno ACORDA:

Iniciar o expediente de reclamación pola contía de 268.403,45 € á Sociedade Planificacions San Adrian el Valle S.L. en virtude do Convenio aprobado entre este Concello e dita sociedade en abril de 2002.

4º.- DAR CONTA DA AUTORIZACIÓN Á DESAFECTACIÓN SOLICITADA POLO CONCELLO DE VIVEIRO DAS ESCOLAS DE GALDO, LANDROVE E XUNQUEIRA.

Polo Secretario procédese á lectura da resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, na que se autoriza a



desafectación das escolas de Galdo, Landrove e Xunqueira que, transcrita, literalmente, dí o seguinte:

“En relación co expediente que remite a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Lugo, de data 11/08/2009, sobre a desafectación do seguinte ben: das escolas de Galdo (parte nova do edificio vello), Landrove e Xunqueira, solicitada polo Concello de Viveiro (Lugo) e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Primeiro.- O Concello de Viveiro (Lugo) solicita autorización para proceder á desafectación do devandito ben , por acordo do pleno municipal tomado en sesión celebrada en data 04/09/2008, segundo certificación de Secretaría do mesmo de data 08/10/2009, de conformidade co disposto no artigo 81 da Lei de bases de réxime local.

Segundo.- A Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Lugo, informa, con data 11/08/2009, favorablemente a dita autorización de acordo co expresado nos correspondentes informes dos servizos provinciais de Inspección Educativa, Unidade Técnica e Programación e Contratación, que constan no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De conformidade co establecido no apartado 2 da disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e no artigo 6 do Decreto 250/1988, do 21 de xullo, é preceptiva a autorización previa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que os edificios escolares poidan destinarse a outross servizos ou finalidades.

Segundo.- O ben obxecto de desafectación non é preciso para usos escolares aos que estaban afectados segundo consta no referido informe da delegación provincial.

Vitos:

- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de 2006, de Educación (BOE, 04/05/2006).
- O Decreto 250/1988, do 21 de xullo, polo que se regula o dereito a casa-habitación destinada a profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia (DOG , 02/09/1988).

Esta Dirección Xeral RESOLVE:



Autorizar a desafectación, solicitada polo Concello de Viveiro (Lugo), do seguinte ben: **das escolas de Galdo (parte nova do edificio vello), Landrove e Xunqueira."**

O Pleno dase por enterado.

5º.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE INTERÉS XERAL, ECONÓMICO E SOCIAL DA AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE NAVE "VESTAS NACELLES, SPAIN, S.A.U."

Intervén o Sr. Alcalde, manifestando a retirada na Orde do día, despois da reunión mantida coa Xunta de Voceiros.

Non ratificada a urxencia do asunto sometido ao Pleno, retírase da orde do día.

6º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA XUNTA CONSULTIVA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DA XUNTA DE GALICIA.

Dase lectura por parte do secretario do Informe 1/2009, de 25 de xuño, de consulta sobre réxime xurídico aplicable e ampliación do obxecto dos contratos de xestión de servizos públicos, que na parte referente á CONCLUSIÓN díse literalmente o seguinte:

1º.- Este órgano consultivo entende que a normativa pola que se deben resolver as incidencias do contrato asinado no ano 1993 é o Texto Articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado, aprobado polo Decreto 3410/1975, do 25 de novembro.

2º.- En resposta a segunda das consultas indicar que, na medida en que os pregos recollen a asunción futura, por parte do concesionario, da xestión da depuradora de augas e das novas instalacións, a inclusión das devanditas prestacións en fase de execución do contrato non implican unha modificación do mesmo, non obstante deberá tramitarse un expediente contradictorio de aceptación e negociación das condicións no que as partes definan con exactitude as obrigas e responsabilidades asumidas.

En consecuencia o Pleno dase por enterado.



7º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA E MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVERSIÓNS 2008, PARA ATENDER Á APORTACIÓN MUNICIPAL PREVISTA NAS LIÑAS MERCA E URBANCOMER.

Dáse lectura, en extracto, por parte do secretario do dictame favorable da Comisión Informativa e Economía e Facenda.

Tras unha breve intervención sométese o asunto directamente a votación no que por unanimidade dos membros presentes (dezaséis) acórdase aprobar o asunto tal e como figura no expediente:

**“MOCION DE ALCALDÍA
70/2009**

A lo largo del presente ejercicio, se han puesto de manifiesto necesidades que deben de hacerse frente a los largo del presente ejercicio presupuestario:

Mediante Resolución de 11 de agosto de 2009 de la Consellería de Economía e Industria se concede al Ayuntamiento de Viveiro una subvención “ PARA ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS (LIÑA MERCA) E VERTEBRACIÓN DO COMERCIO URBANO (LIÑA URBANCOMER) DE ACORDO COA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2008 (DOG Nº 32 DO 16-02-2009).

La subvención financia un gasto de carácter plurianual que impone la realización en el año 2009 de un gasto total de 100.184,47 €. La cuantía de la subvención para el año 2009 es de 70.129,13 €, por lo que la cuantía de la aportación municipal es , para el año 2009 , de 30.055,34 €.

No habiéndose dispuesto de la totalidad de la póliza de crédito suscrita en el año 2008 y teniendo el carácter de inversión el gasto que se pretende ejecutar con la actual modificación presupuestaria, se propone al Pleno:

1. Aprobar la modificación del anexo de inversiones del año 2008 que preveía en la partida 121.622 45.881,03 € para la adquisición de Transformador para la Casa Consistorial. Se propone al Pleno la disminución de ese gasto para destinar 30.055,34 € para obra de pavimentación, alumbrado y servicios en la Avenida Suasbarras de acuerdo con Resolución dictada en expediente IN223A 2009/11.
2. Aprobar transferencia de créditos entre diferentes grupos de función por una cuantía de 30.055,34 € entre la partida 121.622 y la partida 511.611 (INVERSIONES DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GENERAL).

Para la realización de dichos fines, es necesario el incremento del presupuesto de gastos, no existiendo consignación presupuestaria en la vinculación jurídica correspondiente, o bien porque el crédito existente es insuficiente y por los importes que se indican se propone el aumento de crédito :

Partida	Descripción	Importe
511.611	INVERSIONES DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GENERAL	30.055,34 €



Los fondos necesarios para financiar esta operación se obtienen:

Con transferencia desde las partidas que a continuación se relacionan:

Partida	Descripción	Importe
121.622	TRANSFORMADOR CASA CONSISTORIAL	30.055,34 €

Las señaladas partidas corresponden a proyectos de gasto que, bien no es necesaria su ejecución, bien pueden ser reducidos sus importes dado que la evolución del ejercicio y la ejecución de los proyectos y partidas nos permiten disminuir los importes indicados sin perturbación o merma en el correspondiente servicio.

Por tanto, por la presente ordeno:

INCOAR el correspondiente expediente modificación de créditos mediante transferencia núm 70/2009 con el siguiente desglose:

Partidas que incrementa			Partidas que disminuyen		
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción	
511.61 1	INVERSIONES DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GENERAL	30.055,34 €	121.622	TRANSFORMADOR CASA CONSISTORIAL	
TOTAL		30.055,34 €			

Incorpórese el informe de la Intervención municipal y todos aquellos informes que se estimen pertinentes y elévese al Pleno de la Corporación para su aprobación previo informe de la Comisión informativa correspondiente.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Expediente de modificación de créditos mediante transferencia núm 70/2009

1.- Legislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.
- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.
- Real Decreto 500/990, de 20 de abril, por el que se desarrolla la Ley Reguladora de las Haciendas Locales en materia presupuestaria.
- Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, de los Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Orden de 20 de septiembre de 1989 que establece la estructura de los presupuestos de las corporaciones locales.
- Bases de ejecución del Presupuesto para el ejercicio corriente.

2.- Órgano competente.

Pleno de la Corporación previo dictamen de la Comisión informativa correspondiente. Se aprobara con sujeción a los mismo trámites y requisitos que la probación del presupuesto.



3.- Informo.

De los antecedentes que posee esta intervención, se ha podido contrastar los datos aportados por la Alcaldía en su memoria y que justifican determinan la necesidad de la modificación presupuestaria.

Asimismo se ha comprobado que la baja o minoración de los de los créditos indicados no afecta a compromiso alguno de esta Corporación estando disponibles para la financiación del expediente sin que, a juicio de quien suscribe, implique perturbación grave en la prestación del servicio público.

Las transferencias de crédito no están sujeta a ninguna de las siguientes limitaciones:

- No afectan a los créditos ampliables ni a los extraordinarios concedidos durante el ejercicio.
- No minoran los créditos que hayan sido incrementados con suplementos o transferencias, salvo cuando afecten a créditos de personal,
- No incrementan créditos que, como consecuencia de otras transferencias, hayan sido objeto de minoración, salvo cuando afecten a créditos de personal.

Se adjunta asimismo el documento contable de retención de créditos para transferencias

La transferencia de crédito afecta a créditos incorporados como consecuencia de remanentes no comprometidos procedentes de presupuestos cerrados. Pero el artículo 41 del RD 500/90 prevé que esa limitación no afectará a programas de imprevistos. Por lo que si se considera imprevista la ejecución del gasto que se pretende estaríamos en el supuesto de excepción a la limitación de transferencias.

Esta intervención informa favorablemente el expediente de modificación de créditos con el siguiente propuesta de acuerdo:

1.- APROBAR inicialmente el expediente de modificación de créditos núm 70/2009, correspondiente a transferencia de crédito entre partidas del presupuesto de gastos, con el siguiente desglose:

Partidas que incrementa			Partidas que disminuyen		
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción	
511.61 1	INVERSIONES DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS Y BIENES DESTINADOS AL USO GENERAL	30.055,34 €	121.622	TRANSFORMADOR CASA CONSISTORIAL	
TOTAL		30.055,34 €			

2.- EXPONER al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia, por espacio de 15 días el citado expediente, durante los cuales los interesados podrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno. Se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones.

3.- FACULTAR al Alcalde para la firma de cuantos documentos sean necesarios para la ejecución del presente acuerdo."



**8º.- ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN DAS VIVENDAS
OBJECTO DE DEMOLICIÓN NO BARRIO DO "CELEIRIÑO", ASÍ COMO O
EXERCICIO DE EMPRENDER ACCIÓNS LEGAIS E ABOAMENTO AO IGVS.
O IMPORTE DA INDEMNIZACIÓN.**

Por parte do Sr. Alcalde solicítase a ratificación da inclusión do punto na orde do día, sometida a urxencia a votación, o Pleno por unanimidade dos membros presentes (16) acorda ratificar a inclusión do punto na orde do día.

Procédese á lectura da proposta da Alcaldía por parte do secretario, que transcrita, literalmente, dí:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a proposta do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e debido á urxencia na resolución do expediente do Barrio do Celeiriño, é polo que proponho ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aceptar do Instituto Galego da Vivenda e Solo o dereito á cesión das seguintes vivendas:

Propietario	Vivenda
Dolores Expósito Abad	Amargura 3
Carlos Manuel Vicente Rodríguez	Amargura 5
Alicia Prieto Rivera	Golondrina 3
Eladio Franco Sánchez	Golondrina 5
Jose Casal Díaz	Atalaia 22
José Luis Pernas Fernández	Atalaia 24
M ^a del Carmen Sánchez Vázquez	Atalaia 32

SEGUNDO.- Emprnder as accións legais e aboar ó IGVS o importe da indemnización que no seu caso se perciba por parte dos causantes dos danos, co límite dos importes aboados con cargo aos presupostos da Comunidade Autónoma ao amparo da declaración de emerxencia do Barrio do Celeiriño.

TERCEIRO.- Que se redacte documento de cesión ao obxecto da súa elevación a escritura pública así como para a inscrición no rexistro da propiedade.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao Instituto Galego da Vivenda e Solo."

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:



Polo Sr. Alcalde manifestase que por parte do seu grupo vaise a aceptar a delegación proposta por que senón esgótanse os prazos para reclamar a indemnización.

Intervén o Sr. Guillermo Leal Arias manifestando o voto favorable á proposta da Alcaldía por que hai que estar ao lado dos veciños, manifestando a súa contrariedade á proposta do IGVS.

Intervén o Sr. D. José Antonio Goás Basanta, dicindo que o acordo de delegación supón un desprezo contra o Concello de Viveiro e contra os vecinos.

Intervén o Sr. D. Orlando Expósito Mariño, manifestando o seu voto favorable á proposta da Alcaldía, pero manifestando a súa decepción co acordo do IGVS.

Non habendose solicitado segunda quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía, que é aprobada por unanimidade (16). En consecuencia o Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aceptar do Instituto Galego da Vivenda e Solo o dereito á cesión das seguintes vivendas:

Propietario	Vivenda
Dolores Expósito Abad	Amargura 3
Carlos Manuel Vicente Rodríguez	Amargura 5
Alicia Prieto Rivera	Golondrina 3
Eladio Franco Sánchez	Golondrina 5
Jose Casal Díaz	Atalaia 22
José Luis Pernas Fernández	Atalaia 24
M ^a del Carmen Sánchez Vázquez	Atalaia 32

SEGUNDO.- Emprender as accións legais e aboar ó IGVS o importe da indemnización que no seu caso se perciba por parte dos causantes dos danos, co límite dos importes aboados con cargo aos presupostos da Comunidade Autónoma ao amparo da declaración de emerxencia do Barrio do Celeiriño.

TERCEIRO.- Que se redacte documento de cesión ao obxecto da súa elevación a escritura pública así como para a inscrición no rexistro da propiedade.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao Instituto Galego da Vivenda e Solo."



9º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O MANTENEMENTO DA ACTUAL ÁREA SANITARIA DA MARIÑA.

Por parte do Sr. D. José Antonio Goás Basanta, explícase o contido da moción presentada que literalmente dí:

“Exposición de motivos:

A creación, primeiro do Hospital da Costa, como resposta as grandes mobilizacións que viviu A Mariña aos finais dos setenta, e a posterior posta en marcha do mapa sanitario de Galiza aprobado inicialmente polo Decreto 126/1984, e modificado posteriormente polo Decreto 55/1989 que deu orixe a creación de Área Sanitaria da Mariña, significou, unha mellora substancial da atención sanitaria da comarca malia as múltiples deficiencias tanto en materia de dotacións e servizos que aínda sofre a zona.

A principio do mes de xullo, a Consellería de Sanidade anunciou en Burela a creación dunha área sanitaria única para a provincia de Lugo, o que suporá a supresión da área norte de saúde, que abarca A Mariña, e a centralización da xestión hospitalaria en Lugo. As declaración da Sra. Pilar Farjas provocaron unha grande preocupación na Comarca pois ao Hospital da Costa están asignados aproximadamente 72.000 persoas, distribuídos en 14 Concellos que pasarían a ter como primeiro hospital de referencia o Hospital de Lugo, a uns 100 km. de Burela e uns noventa minutos de desprazamento en coche. A maior afondamento a Xerente do Sergas, Rocío Mosquera, non dubidou en equiparar a área sanitar como “unha integración de hospitais”.

Malia que a Consellería non concretou o alcance desta proposta máis alá de consideracións xenéricas como “aumentar a eficiencia e a eficacia” ou “o reforzo de novas estratexias organizativas”, é precisamente por esa falla dados os antecedentes históricos que existen nesta área sanitaria, que a poboación comeza a estar alarmada posto que suporía unha merma importante dos servizos sanitarios afectados así como da calidade dos existentes.

A xuízo do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego as consecuencias para a sanidade pública atinxirían tanto aos usuarios como aos profesionais sanitarios e a groso modo resúmese nos seguintes aspectos:

a) Unha xerencia ubicada na cidade de Lugo, quer pola distancia física, quer pola distancia da Mariña coa capital da provincia, implicaría unha dificultade para o acceso á mesma e descoñecemento de moitos problemas e eivas cotiás que xurdisen nos centros de actual área da Costa.

b) Unha xerencia ubicada en Lugo podería pór en cuestión investimentos previstos tanto nos centros de saúde como no propio Hospital da Costa. Neste sentido na Comarca da Mariña observase con preocupación que este novo modelo poña en risco a ampliación do Hospital da Costa, a implantación de novos servizos e especialidades así como a supresión de dotación no centro de saúde.

c) Unha xerencia única coa súa ubicación en Lugo e diante da escaseza de certos profesionais de algunhas especialidades médicas, implicaría despra-



zamentos constantes da poboación actual da área da costa á cidade. Tendo en conta a distancia xa sinalada, a situación das comunicacións, o tempo de viaxe e ausencia dun transporte público axeitado, eses desprazamentos implicarían unha grande perda da calidade de vida para a poboación afectada alén de teren que asumir os gastos de desprazamento e, no seu caso, de hospedaxe os propios usuarios o que supón unha discriminación con respecto a poboación doutras zonas.

d) A supresión da área sanitaria da Costa implicaría para os/as profesionais da saúde ter que optar a traballar en toda a provincia. Para o persoal eventual, tendo que inscribirse nas listas de contratación provinciais e tende que aceptar contratos e máis cen km. do seu domicilio, baixo a ameaza de penalización. Para o persoal fixo que acceder ao seu posto despois da publicación do Estatuto Marco e en base á mobilidade funcional, tendo enriba a espada de Damocles dun traslado forzoso a calquera lugar da provincia en calquera momento.

Por todos estes motivos, a supresión da área sanitaria da Cosa, significaría ao ver do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego unha merma na calidade asisencial que se lle presta á poboación da Mariña e non pode consumirse porque sería avanzar no desmantelamento de servizos da Mariña, particularmente nunha cuestión central como é a atención sanitaria.

SOLICITA

1º) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación a que defenda o mantemento do mapa sanitario de Galiza no que atinxe á área de saúde da Costa, mantendo a área sanitaria da Mariña, con todas as competencias que ten na actualidade.

2º) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita que se lle de traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, a Consellería de Sanidade, así como aos grupos políticos con representación na Cámara galega."

Faise por parte do proponente fincapé nas dificultades sanitarias en que se atoparían os usuarios coa supresión da Área Sanitaria da Mariña, así como dos profesionais que nela traballan e que se verían posiblemente avocados a un cambio de residencia.

Aberta a quenda de intervencións pola Alcaldía, intervén en primeiro lugar o Sr. D. Rafael Luis Fernández Amor, que manifesta o voto favorable do seu grupo.

Intervén o Sr. Guillermo Leal Arias, quen anuncia o voto favorable do seu grupo, é mais o que compre facer é reforzar Área Sanitaria da Mariña.



Intervén o Sr. D. Orlando Expósito Mariño, dicindo que o PP non confía na xente da Mariña e que lle rogaría á Mariña enteira que se movilizase.

Non habendose solicitado segunda quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción, que é aprobada por unanimidade (16). En consecuencia o Pleno ACORDA: Aprobar a moción formulada por Don José Antonio Goás Basanta, sobre o mantemento da actual área Sanitaria da Mariña, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta das Resolucións asinadas que constan dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno. En consecuencia o Pleno da Corporación, acorda darse por informado das Resolucións da Alcaldía.

ASUNTOS URXENTES:

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno algún asunto non comprendido na Orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, facendo constar que foi informado polo secretario que non se incluíu unha moción de Don José Antonio Goás Basanta sobre a retirada de madeira derrubada nos montes como consecuencia do ciclón Klaus, o atoparse a moción nunha carpeta que non viu.

Xustificada a urxencia por parte de Don José Antonio Goás Basanta, o Pleno acorda por maioría absoluta (16 de 16) a declaración da urxencia.

Declarada a urxencia **Por parte do Sr. D. José Antonio Goás Basanta**, explícase o contido da moción presentada que literalmente dí:

MOCIÓN DO BNG SOBRE RETIRADA DE MADEIRA DERRUBADA NOS MONTES DO NOSO CONCELLO.

"EXPÓN

Na xuntanza da Mesa da Madeira celebrada para avaliar as consecuencias do ciclón Klaus a Consellería de Medio Rural comprometeuse cos propietarios forestais a proceder a retirar a través de SEAGA a madeira derrubada polo mesmo, iniciando os traballos no mes de marzo, unha vez que os mesmo habilitaron as zonas para deposita-la.



As comarcas da Mariña e de Ortegal, as máis afectadas polo ciclón Klaus, acumulan a día de hoxe inxentes toneladas de madeira derrubada no monte. Esta concentración de madeira concentrase de xeito moi particular nos Concellos de Oourol, Vicedo, Viveiro, Valadouro, Cervo e Xove, o que está a provocar a preocupación e indignación dos propietarios forestais.

Segundo datos feitos públicos pola propia Portavoz de Agricultura do PP, Emma Álvarez a día de hoxe lévanse retirados 23.0000 metros cúbicos de madeira –o que representa 43.000 áreas- o que supón máis dun 10% do total da madeira que debe ser retirada.

As propias asociacións forestais téñense queixado do incumprimento por parte da administración autonómica dos seus compromisos e do risco que significaba para a actividade forestal así como o perigo que representaba diante da temporada estival.

A este respecto hai que ter en conta que son precisamente os meses de setembro e outubro aqueles nos que no risco de incendio aumenta nas comarcas afectadas ao descender os niveis de humidade como consecuencia da seca que se xera no verán.

SOLICITA

Que o Pleno da Corporación se dirixa a Consellería de Medio Rural a fin de que proceda a retirar a madeira derrubada nos montes do noso Concello como consecuencia dos efectos do ciclón Klaus.

Aberta a quenda de intervencións pola Alcaldía, intervén en primeiro lugar o Sr. D. Rafael Luis Fernández Amor, quen manifesta o voto favorable do seu grupo.

Intervén o Sr. Guillermo Leal Arias, quen anuncia o voto favorable do seu grupo, aínda que había unha certa limitación para retirar a madeira.

Intervén o Sr. D. Orlando Expósito Mariño, quen manifesta o seu voto favorable.

Non habendose solicitado segunda quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción, que é aprobada por unanimidade (16). En consecuencia o Pleno ACORDA: Aprobar a moción formulada por Don José Antonio Goás Basanta, sobre a retirada de madeira derrubada nos montes como consecuencia do ciclón Klaus.



11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Concelleiro do BNG formúlanse os seguintes rogos que transcritos, literalmente, dín:

1.- Segundo o acta da Xunta de Goberno Local celebrada o día 8 de xullo de 2009, acordouse "incoar expediente disciplinario á funcionaria encargada do Negociado de Estatística"

Diante desste acordo presentamos o seguinte

ROGO:

Rogamos ao Sr. Alcalde que explique nesta sesión de Pleno cales foron os motivos polos que se lle ten aberto Expediente Informativo a esta traballadora.

Por parte do Sr. Alcalde explícase que o expediente aberto é informativo, e que os motivos son as queixas de 3 persoas e que a funcionaria se negou a recibir as notificacións que se lle cursaron manifestando que tiña que ir o vixilante.

2.- A última edición da Feira de Artesanía celebra hai uns días en Viveiro e que tivo como ubicación o peirao deportivo, xenerou críticas dos artesanos que participaron xa que consideran que o espazo onde se instalou non é o máis adecuado. Diante destes feitos presentamos o seguinte

ROGO:

Rogamos ao señor Alcalde que explique cales foron as razóns polas que a instalación desta Feira se fixo no peirao deportivo e si se tiveron en conta as opinións dos artesanos que participaron nela.

Por parte do Sr. Alcalde explícase que non tiveron en conta a opinión dos artesáns porque a feira levaa a Comisión, ademáis cambiouse a feira de ubicación porque na última que se fixo no paseo marítimo, as casetas non tiñan electricidade, chovía dentro e non reunían os requisitos mínimos esixibles.

3.- O espazo público do Souto da Retorta, en Chavín, está nun estado de lamentable abandono. As barandas dalgunhas das Fontes do paso están desfeitas pola caída de árbores, hai árbores caídas do último temporal sen retirar.

Diante desta situación presentamos o seguinte

ROGO:



Rogamos ao señor alcalde que faiga as xestións oportunas diante da Conselleira correspondente para que os destragos do Souto da Retorta sexan reparados canto antes.

Resposta o Sr. Alcalde que lle se farán chegar.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, de todo o que eu, como Secretario dou fe.

Vº. e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Melchor Roel Rivas.

Francisco Javier Oubiña Lodeiro.